

Á vista do escrito da profesora dona M<sup>a</sup> Teresa Flores Arias, responsable do Laboratorio de Microóptica e Óptica GRIN da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as en prácticas do Master Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser, matriculados en la Universidade de Santiago de Compostela esta REITORÍA

-Considerando que o Laboratorio de Microóptica e Óptica GRIN arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación de Master Universitario en Fotónica e Tecnoloxía do Láser, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

#### RESOLVE



Autorizar a realización de prácticas do alumnado do Master Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser nas instalacións do Laboratorio de Microóptica e Óptica GRIN, que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 300 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos (máximo 12 créditos).
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica desta titulación de acordo coa Dirección do Laboratorio de Microóptica e Óptica GRIN, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas no Laboratorio de Microóptica e Óptica GRIN non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Comisión Académica do Master Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o Laboratorio de Microóptica e Óptica GRIN nomeará a un titor/a deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do Laboratorio de Microóptica e Óptica GRIN.

- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.  
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Laboratorio de Microóptica e Óptica GRIN emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.  
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2011

O REITOR



Juan José Casares Long

**SR. DECANO DA FACULTADE DE FÍSICA**

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA FLORES ARIAS (COORDINADORA DO MASTER, E RESPONSABLE DO LABORATORIO DE MICROÓPTICA E ÓPTICA GRIN)**

**SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA**

**SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**